

Suxestión dirixida á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que aporte a un centro educativo criterios acerca dunha situación problemática cunha docente

Expedientes: Q/14814/17, Q/14815/17 e Q/14816/17

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciáronse expedientes como consecuencia dos escritos relativos á situación dos seus fillos e fillas no colexio de Ventín-Ames.

ANTECEDENTES

1. Reclamábase polo comportamento en clase dunha profesora-titora a quen se atribuíran palabras malsoantes, labazadas ou zarandeos, castigos considerados humillante e non educativos, e deixación das funcións curriculares. Se indicaba que os feitos produciran cambios de conduta dos alumnos.

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que nola remitiu. No informe sinálase o seguinte:

“Dende finais do mes de setembro do 2016, varios pais e nais de alumnos e alumnas de 5º curso, aula B, do CEP Plurilingüe de Ventín (CEPPV) denunciaron ante a súa dirección unha presunta conduta irregular da súa titora, ..., que é mestra con destino definitivo nese centro dende o 01.09.2016. Algunha destas denuncias repetíronse con posterioridade ante esa Institución (D.3.Q/13664/16 e D.3.Q/13666/16). En particular, as queixas versan sobre a conduta da docente na aula, á que acusan de dicir palabras malsoantes durante a clase, de

dar labazadas ou zarandeos ao alumnado ou de impor castigos de carácter humillante e de dubioso fin educativo, así como sobre o deixamento das funcións curriculares, salientando que todas estas circunstancias están a producir cambios de conduta no alumnado.

Ante esta situación, a dirección do CEPPV reaccionou en consecuencia, nun primeiro momento, afondando e contrastando as circunstancias denunciadas, recadando as impresións do propio alumnado e, finalmente, convocando á titora para tratar o asunto e lograr deste xeito o consenso. Estas actuacións trasladáronse de inmediato á Inspección Educativa da Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria (CCEOU).

De seguido, xirouse visita de inspección ao CEPPV para atender o requirimento da dirección do centro, así como as queixas das familias do alumnado desa aula que continuaban chegando tanto ao centro como á Consellería. Esta primeira visita tiña por obxecto asesorar, orientar e informar ao equipo directivo e á titora, ..., sobre o mellor modo de afrontar o asunto e reconducir, xa que logo, a actividade docente. A mestra, logo de recoñecer parcialmente algunha das condutas e defender, pola contra, outros aspectos da súa praxe educativa, comprometeuse a reconducir a situación.

O 15.11.2016 un inspector de educación da CCEOU presenciou unha xornada lectiva da mestra e tivo a oportunidade de avaliar a súa metodoloxía docente e de comprobar o grao de cumprimento dos compromisos que asumira na anterior reunión. Nesta ocasión, o inspector explicoulle á mestra algunhas observacións sobre a dinámica das clases que viña de presenciar, que trataban tanto sobre os aspectos metodolóxicos como sobre o estilo ao dirixirse ao alumnado.

A esta visita inspectora sucedéronlle dúas máis (29.11.2016 e 07.12.2016) co obxecto de facer un seguimento continuado da evolución das directrices marcadas polo dito servizo da CCEOU.

O 16.12.2016 apercibiuse formalmente á titora en presenza da representación sindical. Nesta reunión, o inspector de educación advertiu a ... de que de non corrixir con carácter inmediato a súa conduta consonte as directrices dadas por ese servizo, podería incoarse o correspondente procedemento disciplinario. Co fin de avaliar o grao de evolución e consecución das pautas marcadas, a CCEOU adoptou dúas medidas de intervención: dun lado, designou a outro docente do centro con dispoñibilidade horaria para que realizase labores de apoio permanente á titora dentro da aula e, doutro lado, requiriulle a ... que concretase, en coordinación coas titoras dos grupos do mesmo nivel (5º curso de Educación Primaria), unha programación semanal de todas as áreas que imparte.

Malia a adopción destas medidas, continuaron recibíndose queixas por parte dos pais e nais do alumnado da aula de 5º curso do CEPPV, o que motivou unha nova visita da inspección educativa o 24.01.2017. Non obstante, nesta visita comprobouse que as medidas adoptadas estaban sendo debidamente cumpridas e que os obxectivos que con elas se perseguían se estaban logrando cun amplo grao de satisfacción. Nesta visita, considerouse conveniente convocar aos pais e nais do alumnado de 5ºB a unha reunión informativa sobre as medidas que se adoptaron para atender ás súas denuncias e os seus resultados acadados ao respecto. Esta reunión informativa realizouse o 31.01.2017 coa presenza da presidenta da ANPA, o inspector, a xefa de estudos e as familias de 18 alumnos e alumnas do aula de 5º curso "B" do CEP de Ventín. Neste acto explicouse, en síntese, que os feitos denunciados foron analizados en profundidade, que se detectaron determinadas irregularidades pero se tomaron as medidas axeitadas para combatilas. En consecuencia, a situación na aula de 5ºB foi reconducida e estase a desenvolver actualmente con normalidade, sen prexuízo do mantemento das ditas medidas. Aínda que a día de hoxe está instaurada a normalidade na aula, a CCCEOU continuou e continuará a súa labor inspectora ata o total cumprimento dos obxectivos fixados.

Noutra orde de cousas, algúns pais e nais asistentes contaron nesta xuntanza que foran citados a un acto de conciliación no xulgado como consecuencia do anuncio de interposición de querela por calumnias e injurias, manifestando a súa preocupación por eventuais represalias cos seus fillos e fillas. Ante esta situación, o centro comprometeuse a manter informadas ás familias, con antelación abondo, de calquera incidencia ou cambio que poda acontecer neste asunto e, en particular, sobre as medidas preventivas ou protectoras que se adopten en relación cos fillos e fillas dos pais e nais denunciados por esta. De cara a consolidar a normalidade na aula, pedíuselles ás familias a súa colaboración.

Finalmente, cabe mencionar igualmente que o 13.02.2017 varios membros do claustro de mestres do CEPPV presentaron algo máis de 30 sinaturas en apoio á docente ..., por entender excesiva a presión do conxunto da comunidade educativa sobre a mestra.

En conclusión, a CCEOU actuou de xeito directo e efectivo nas irregularidades denunciadas polos pais e nais de alumnos e alumnas de 5ºB do CEPPV. As primeiras intervencións non se fixeron esperar, xa que datan do 4.10.2016, logo de transcorrer pouco mais de dez días lectivos de curso escolar.

Ademais, dende o primeiro momento realizouse un seguimento exhaustivo e continuado por parte da CCEOU en constante coordinación coa dirección do centro. A labor inspectora desenvolveuse en tres fases: Nun momento inicial, afondou nos feitos que motivaron as denuncias e orientou tanto ao equipo directivo como á titora, .., sobre as canles e

procedementos máis axeitados para afrontar o conflito. Nun momento posterior, sucedéronse distintas visitas de seguimento e supervisión e, logo de detectar os focos reais de conflito, acordáronse as medidas estritamente necesarias para reconducir a marcha na aula e o normal desenvolvemento da actividade docente, as cales se centraron principalmente na designación doutro docente do centro para realizar labores de apoio permanente á titora dentro da aula e, doutro lado, requiríuselle a ... que concretase, en coordinación coas titoras dos grupos do mesmo nivel, unha programación semanal de todas as áreas. Nunha fase final, a Inspección realizou tarefas de información, conciliación e seguimento continuo sobre o grao de efectividade das medidas que se adoptaron. A tal fin reuniuse, xunto coa representación do CEP de Ventín, coas familias do alumnado de 5º B en aras de procurar a maior transparencia das súas actuacións e acadar a conciliación definitiva do conflito.

A Valedora do Pobo solicita un pronunciamento particular co obxecto de "(...) aclarar os motivos polos que a funcionaria imputa delitos de calumnias e injurias antes de que se abra e conclúa, no seu caso, a preceptiva intervención da administración educativa neste caso". Neste punto cómpre lembrar que ... acudiu aos órganos xudiciais para denunciar a varias familias pola presunta comisión de delitos contra o seu honor, así tipificados no código penal e enmarcados, en todo caso, en relación entre particulares reguladas polo Dereito Privado. Así, o mero feito de que a denunciante, ..., teña a condición de funcionaria de carreira da Administración Educativa, non muda a natureza da relación da denunciante cos denunciados, de particular a pública.

Por isto, a CCEOU non pode nin debe "aclarar os motivos polos que a funcionaria imputa delitos de calumnias e injurias (a seis familias de alumnos e alumnas de 5ºB do CEP de Ventín)", porque o conflito de ... coas familias dos seus alumnos e alumnas pertence ás súas esferas privadas.

Así, de todo o informado queda claro que a CCEOU estendeu a súa competencia ata o máximo grao, identificando os focos dun conflito xurdido dun centro educativo e aplicando as concretas medidas para erradicalos, sen prexuízo das continuas accións de supervisión e avaliación das medidas implantadas que persisten na actualidade."

ANÁLISE

1. Co informado coñécese que as queixas estaban fundadas (sen concretar os feitos confirmados, dado que non se trasladan os detalles recollidos pola inspección) e a administración educativa detectou e corrixiu a mala praxe da docente. Lamentamos profundamente a situación, unha clara mostra do que nunca debe producirse nunha

comunidade educativa. De pouco serve inculcarlle aos nenos valores de respecto e equidade cando reciben dos seus mestres exemplos tan pouco apropiados. Aínda máis cando cómpre dedicar tanto esforzo a corrixir a conduta na aula do profesor.

Estas situacións producen unha fonda inqueda nas comunidades educativas, non só no alumnado -os principais afectados- e os pais e nais dos alumnos, senón tamén no equipo directivo que ten que afrontar un conflito entre pais e docentes. O clima de convivencia se deteriora e mesmo pode acadar unha crispación prexudicial para os nenos.

2. En decembro apercibiuse formalmente á titora; se non corrixía a conduta consonte as directrices dadas pola inspección educativa podería incoarse un procedemento disciplinario. Para comprobar o requirido a consellería puxo un docente de apio e obrigou á coordinación co resto dos titores. Considerou que estaba instaurada a normalidade na aula e anunciou que continuaría a súa labor inspectora ata o total cumprimento dos obxectivos fixados. Por tanto, o órgano competente exercera as súas funcións para corrixir o sucedido.

3. Porén, a situación de conflito tivo un novo punto de fricción cando a titora reclamou xudicialmente contra un grupo de pais e nais, o que, con ser o exercicio dun lexítimo dereito de calquera parte, pon en tela de xuízo que a conciliación dera todos os resultados buscados. En calquera caso, por mandato expreso do art. 20 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, esta institución non pode entrar a valorar a cuestión sometida a coñecemento xudicial, que debe ser resolta polos órganos competentes con independencia e de forma exclusiva (art. 117 CE).

4. Posteriormente os pais e nais afectados indicaron que o director do centro comprometérase en febreiro a que se a profesora continuaba ao menos non continuaría sendo a titora do mesmo grupo. A pesares do compromiso o 3 de xullo o director informou de que a titora seguiría no mesmo grupo co que se deron os conflitos confirmados e que obrigaron á intervención da consellería. Sinalou, segundo os reclamantes, que el “xa tiña feito todo o que tiña que facer respecto dese tema, que era sacar aos seus dous fillos do colexio, xa que un deles cursou estudos ese curso en 5º B, ... e non aguantaría outro ano mais a mesma situación, polo que o próximo curso estudarían noutro centro ...”.

5. A inspección educativa informara que o competente para resolver era o director. Os afectados e a ANPA solicitaron unha reunión formal co centro, o que fora recomendado pola inspección.

6. O 18 de xullo o director confirmou que a titora seguiría co grupo e que ademais o faría sen supervisión docente. Á vista da situación o 21 de xullo reclamaron á inspección aclaración de

todo e que se a titora continuaba os seus fillos/as foran cambiados de grupo. O inspector respondeu oralmente -reunión do 26 de xullo- que o director era o responsable (competente) de ambas as decisións.

O 26 de xullo a dirección do centro comunica por escrito que “despois da xestión coa Xefatura Territorial de Educación” a situación seguía como indicara (falta de informe, falta de recomendación, ningún informe negativo, falta de criterios pedagóxicos para cambiar a titora nin trasladar aos alumnos), polo que “eu non podo alegar criterios pedagóxicos para cambiar a titora de aula nin trasladar a ningún alumno ou alumna para outra aula”.

7. Os pais e nais conclúen que a consellería sostén que é un asunto de exclusiva competencia da dirección do centro, pero esta sinala que toma a decisión en vista da inhibición da consellería (falta de informe, falta de recomendación, ningún informe negativo, falta de criterios pedagóxicos). Á vista diso o 27 de xullo reclamaron ao inspector dando conta da resposta do centro e reiterando a solicitude de cambio de grupo, pero non recibiron resposta. Indican que a situación non se atopa normalizada e que dado que non se manterán as medidas anteriores (apoio e supervisión da titora e coordinación cos titores dos grupos do mesmo nivel), reclaman o cambio de grupo. Tamén piden á valedora do pobo a reapertura das queixas.

8. Dado que o curso estaba a piques de comezar tramitamos a reapertura das queixas de forma directa tanto coa consellería como cos pais e nais e os seus representantes. Tivemos diferentes contactos informativos con ambos.

9. Na primeira valoración da situación esta institución indicou aos pais e nais afectados que “a administración educativa considera que están en marcha todos os mecanismos necesarios para garantir as accións de supervisión e avaliación das medidas implantadas, que persisten na actualidade. A piques de rematar o curso, cómpre agardar ás medidas que se adopten cara o vindeiro ano académico para que esta situación non se volva a repetir. Se vostede vira que o problema persiste o próximo curso, podería comunicárnolo, se é o seu desexo, para instar da consellería unha inmediata corrección”.

CONCLUSIÓNS

Os feitos obxecto da queixa foron confirmados ao menos nunha parte importante (falta información sobre os detalles da inspección) e deron lugar a unha actuación conciliadora da consellería, que incluía o requirimento á profesora para que non volveran a producirse e a correspondente comprobación.

A pesares diso a situación de conflito entre a profesora e os pais e nais permanece. A desconfianza acerca do seu futuro comportamento cos nenos é razoable tendo en conta os sucesos do pasado curso, a retirada das medidas adoptadas, o traslado do fillo do director afectado pola situación (informou de que o facía debido á desconfianza na profesora), e a reclamación xudicial promovida pola profesora.

A falta de resposta adecuada á última solicitude dos pais e nais ben dada porque o director do centro recoñece a ausencia da información e apoio da consellería. Esta non alega a competencia do director á hora de tomar a decisión. Pero sen prexuízo de que isto último sexa así, tamén o é que a consellería non debe ser allea á cuestión e como mínimo debe proporcionar á dirección os elementos de xuízo e o apoio que se reclama (informes, criterios...).

Dadas as circunstancias comentadas deberían adoptarse medidas que procuraran que a profesora e os alumnos afectados non coincidiran no mesmo grupo, ou ao menos que se garantira que aquela adapta o seu comportamento docente ao requirido pola consellería. Aquela decisión debería tomarse polo competente, o director, pero este decidiu sobre a base dunha recoñecida falta de información e/ou colaboración da consellería.

A consellería debería aportar agora todos os elementos de xuízo a súa disposición sobre as cuestións pendentes (resta a resposta formal reclamada á inspección), en especial o estado actual da situación comprobada o pasado curso, a conveniencia de manter as medidas preventivas adoptadas entón (que parecen retiradas) e de cambiar de grupos aos menores respecto dos que se pide, e, no caso de resposta positiva a isto último, a forma en que podería facerse sen prexudicar a outros menores.

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a seguinte suxestión:

Que con urxencia a consellería aporte á dirección do centro os elementos de xuízo a súa disposición e da súa competencia (informes de inspección, criterios ...) sobre as cuestións pendentes, en concreto o estado actual da situación comprobada o pasado curso e a conveniencia de manter as medidas preventivas adoptadas entón e/ou de cambiar de grupo aos menores cuos pais e nais o reclaman; e que no caso de resposta positiva a isto último se estude e articule unha forma que evite afectar negativamente a outros menores.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da

aceptación da suxestión formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso. Dadas as circunstancias (inicio do curso) sería conveniente que a resposta se dera o mais axiña posible.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución, coas dissociacións que procedan.

Saúdao atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo